

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol* o día 8 de maio de 2005.-

Dóeme África

Dóeme África dende que perdín a primeira inocencia das películas de Tarzán. Dóeme África dende que de cativo saía polas rúas a pedir diñeiro para os “negriños”. Dóeme África porque parece que Occidente só se lembra dela no intre de pedir esmola para aliviar a pesada carga da culpabilidade. Dóeme África e sinto a punzada da dor no máis fondo de min. Nótoa con todos os sentidos cada vez que vexo ese regueiro de xente que tenta de fuxir dela día tras día polos máis diversos medios procurando un soño que non existe. Dóeme África coa mesma dor que a todo o mundo, o que pasa é que sempre hai xente que decide ollar cara outro lado. Dóeme esa África das guerras interminábeis onde os soldados son ás máis das veces cativiños coma os que xogan nos nosos parques. *“En África os cativos levan anos, moitos, moito tempo, matando a outros, en masa. A dicir verdade, as guerras que se libran neste continente son guerras de nenos”,* pódese ler en *Ébano*, de Ryszard Kapuściński, un dos libros que me axudou a comprender o interminábel labirinto africano. Arrepíame pensar que poda existir un meniño obrigado a empuñar unha arma. *“Son guerras de choque directo”,* continúa dicindo o libro, *“de contacto físico (...) os pequenos dispáranse a queimarroupa, a un paso uns dos outros. Os efectos son aterradores. Morren os que caen fulminados no campo de batalla e axiña acaban morrendo tamén os feridos: de hemorraxias, de infeccións e por falla de medicinas.”* Non son capaz de concibir un pesadelo desas características, un mal soño tan arrepiante. O mundo non vale para nada!

Dóeme a África da fame intensa, do bandullo inchado pola ausencia de alimento, a África das colleitas perdidas pola seca, que cando cae faino dun xeito implacábel, a África dos millóns de moscas a pasear pola face das persoas deitadas sen poder facer

nada para levaren algo á boca, sexa comida ou sexa auga... *“Morrer en masa significa que un home morre so, pero coa excepción de que, ao mesmo tempo, e tamén so, morre outro home. E na mesma soidade outro...”*, di Kapuściński. Pode haber unha descrición da dor do continente máis tremenda?

Dóeme esa África da escravitude de quen só é culpábel Europa e o seu sempiterno colonialismo. Ese comercio que comezou no século XV e aínda non rematou, que arrincou das súas terras a case trinta millóns de persoas para levalas ao outro lado do Atlántico a sufrir unha horrenda pena de traballos forzados a perpetuidade. *“Estímase que nunha viaxe así (dous ou tres meses de duración) morría de fame, asfixia e sede máis da metade (había casos en que todos)... África aínda non se desprendeu dese pesadelo”*.

Dóeme África cando chegan á miña televisión (unha fiestra aberta ao mundo) as terribes matanzas de Uganda, de Togo, de Liberia... Parece que Occidente logo de roubar todo canto quixo simplemente deixou unha sanguenta herdanza de odios, vinganzas, machados e metralletas. Dóeme esa África da loita encarnizada polo poder, por ver quen pode erguerse encol dos demais para gobernar a miseria, esa África do todo vale para chegar máis arriba, ese exquisito caldo de cultivo para a corrupción e os conflitos entre etnias, dos que tamén é culpábel Occidente por trazar na pel da terra as máis artificiais fronteiras.

Dóeme África cando vexo ao Vaticano en pleno berrando contra a necesaria distribución de anticonceptivos para poder poñerlle freo á incesante masacre que a SIDA anda facer dun recanto ao outro do continente. Dóeme pola culpabilidade que non senten as máis importantes industrias farmacéuticas do planeta.

Dóeme África porque simboliza dun xeito absolutamente trágico e inmerecido toda a dor da Terra, a enfermidade máis grande que a consume, unha úlcera vingativa e

traizoeira que botou raizame nun dos lugares máis fermosos do planeta, porque é o continente onde están o río Congo, e o Níxer, e o Zambeze e mailo Ubangui, e os grandes lagos (Tanganika, Chad, Victoria...) e as grandes cataratas, e o delta do Nilo, e o Alto Atlas e as montañas de Namibia, e o Kilimanjaro, que por certo está a quedar sen neves no cumio por mor do quentamento global, e os desertos de Nubia, do Sahara e do Kalahari...

Dóeme o espolio que sufriu África de xeito continuado ao longo dos séculos. Ese roubo que Occidente non parece disposto a compensar de ningún xeito e que non deixou nin rastro da tremenda riqueza que noutros tempos tiveron esas terras. “*Os europeos non se afastaban da costa, só de cando en vez se aventuraban a penetrar no interior. Os portos eran ventosas aplicadas no organismo africano, lugares por onde se exportaban escravos, ouro e marfil*”, explica no seu libro Kapuściński.

Dóeme África, toda enteira, porque a sinto coma unha ferida propia que non deixa de abrirse, unha chaga ulcerada por onde vexo que está a desangrarse o planeta. Dóeme África porque dun xeito ou outro faime sentir un sentimento de débeda.

© Xesús Constela Doce, 2005

Nota do autor: *Ébano*, de Ryszard Kapuściński, está editado en español pola Editorial Anagrama.